



Concello de Gondomar

Expediente núm.: 1354/2021

Memoria Xustificativa: CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROYECTO DENOMINADO “OBRA DE ACONDICIONAMENTO DA PRAZA MANUEL ALONSO (ALAMEDA)”

Procedemento: Aberto.

MEMORIA XUSTIFICATIVA/PROVIDENCIA DE INICIO

1. Obxecto do contrato

O presente contrato ten por obxecto a execución do proxecto denominado “OBRA DE ACONDICIONAMENTO DA PRAZA MANUEL ALONSO (ALAMEDA)”

“O proxecto persegue a recuperación da Alameda e a súa contorna para o uso fundamentalmente peonil, de maneira que a maior parte das rúas adxacentes se incorporen ao espazo peonil da praza. A idea e da remodelación e devolver o espazo público ao peón, sendo este o denominador común, cumprindo os criterios da “REDE ÁGORA”. Para evitar a segregación existente e dar resposta a esa idea dispórase unha plataforma granítica unificada en todo o ámbito sen saltos entre os distintos lugares. Desta maneira conseguiríase a organización dun plano continuo do mesmo material que unificaría unha das dimensións da praza que se completaría coas dimensións das edificacións existentes. En paralelo e en consonancia con esas ideas trataríase de potenciar a conexión coa igrexa de San Bieito. Con esta remodelación preténdese formalizar e conectar espacialmente e dende o punto de vista do deseño urbano, o barrio da Paradela e o barrio da Igrexa. Todo isto está explicado e xustificado amplamente na memoria do proxecto presentado.”

“Os puntos principais do proxecto en relación a estes puntos:

- Eliminación da praza elevada actual para a creación que permita unha comunicación transversal en todos os espazos.
- Eliminación do tráfico rodado de dous das tres vías, e restrición só a residentes en cálea Cruz de Mera e na rúa Manuel Losada.

Esta intervención posibilita a creación dunha plataforma mixta, de uso prioritario do peón, en rúa San Bieito que posibilite a transversalidade da comunicación peonil. Evitarase a ocupación do espazo peonil lateral coa situación de bolardos ou similar.

A reconfiguración do resto dos espazos peonís mediante plataformas únicas posibilita o libre movemento dos peóns (itinerarios accesibles), e a consecución de

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

espazos de descanso e de xogo. Esta intervención favorecerá o comercio de proximidade, potenciará o comercio local e verase activada a hostalería, á vez que se compatibilizará coa actividade infantil, segura e controlada, na praza central.

- Redución da velocidade en rúa San Bieito (zona 10).
- Inserción de espazos axardinados e elementos vexetais que permitan crear un ágora amable e máis próxima á natureza

O cadro de SUPERFICIES ACTUAIS de usos dos espazos sería o seguinte:

Área peonil: 1087.00 m²

Área mixta: 64.20 m²

Área de tráfico rodado: 1598.80 m²

O cadro de SUPERFICIES PROXECTADAS de usos dos espazos sería o seguinte:

Área peonil: 2376.00 m²

Área mixta: 374.00 m²

Área de tráfico rodado: 0.00 m²

A zona con tráfico rodado+mixto redúcese, dos 1663.00 m² actuais, a 374.00 m².

A superficie peonil incrementase, dos 1087.000 m² actuais, a 2376.00 m², supoñendo un aumento do 218.6%

Se consideramos o tráfico de residentes na rúa Manuel Alonso, o cadro de superficies sería o seguinte:

A zona con tráfico rodado+mixto redúcese, dos 1663.00 m² actuais, a 449.00 m².

A superficie peonil incrementase, dos 1087.000 m² actuais, a 2101.00 m², supoñendo un aumento do 193.2%."

Todo elo con suxeición ao Proxecto Técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 233 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), incluído o correspondente estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co previsto no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co previsto no art. 4 do R.D. 105/2008.

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante del Prego, tendo carácter contractual.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

En caso de contradición entre o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas prevalecerá o primeiro.

2. Análise Económica

Sínálase como tipo de licitación o importe do proxecto, que é o seguinte:

A.-Obras anuais	
Base imponible	990.374,948 euros
Importe IVE	207.978,739 euros
Total	1.198.353,687 euros (IVE ENGADIDO)

VALOR ESTIMADO	990.374,948 euros
-----------------------	-------------------

3. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

Utilízase o procedemento aberto de acordo co establecido polos artigos 156 a 158 da LCSP, en base ao importe do contrato, criterios sometidos a xuízo de valor e criterios avaliábeis mediante fórmulas, coa finalidade de conseguir a máxima eficacia na xestión da contratación pública con varios criterios de adxudicación no que calquera persoa física ou xurídica que reúna capacidade pode presentar a súa oferta e no que a adxudicación recaerá na mellor oferta relación calidade-prezo.

b. Análise de execución por lotes

Este contrato non se fracciona en lotes en base ao disposto non apartado b) do artigo 99 da LCSP 2017.

A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

c. Insuficiencia de medios

Á vista da plantilla de persoal municipal este Concello non conta con persoal especializado que poida facer a obra que pretende a administración municipal.

d. Criterios de solvencia

Os criterios de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidos aos licitadores son conformes co establecido nos artigos 87 e 88 da LCSP, e ademais son proporcionais ao orzamento de licitación do contrato.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

e. Criterios de adxudicación

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), establece no artigo 145.1 que a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

Neste caso os criterios de adxudicación establecidos son os seguintes:

A) Criterios avaliados automaticamente.

A.1) CRITERIOS DE AVALIACIÓN MEDIANTE XUIZOS DE VALOR (45 puntos)

A.1.1. Programa e equipo de traballo Ata un máx. de 15 puntos.

O licitador realizará unha planificación da obra, tendo en conta os equipos humanos e materiais ofertados adscritos a cada unha das actividades descritas na memoria, debendo xustificar os rendementos medios previstos que garantan o prazo ofertado. O licitador facilitará a información seguinte:

- Diagrama de Gantt con desenvolvemento das unidades de obra e con indicación das actividades que condicionan dita obra ao derivarse de actividades críticas.
- Diagrama de espazos-tempo en obras de tipo lineal.
- Os investimentos mensuais previstos.

Con esta documentación poderá avaliarse que o cronograma das obras resulta coherente coa memoria das actividades a desenvolver, os medios dedicados a cada unha delas, os prazos parciais, as inversións así como a definición do camiño crítico que, en conxunto, permita explicar o prazo de execución total ofertado. Toda esta información permite establecer o nivel de concreción de cada licitador para garantir a execución das obras nos prazos establecidos, de forma que estas sexan realistas e axeitados os medios que dispón para a execución do contrato.

- Diagrama de Gantt específico, adaptado ao obxecto do proxecto e detallado acorde aos medios humanos e maquinaria que presentan. Se valorará ata un máximo de 15 puntos.
- Diagrama de Gantt específico e adaptado ao obxecto do proxecto pero onde non se reflicten os medios humanos e maquinaria que presentan. Se valorará ata un máximo de 8 puntos.
- Non presenta Diagrama de Gantt ou non é adaptado ao obxecto do proxecto. 0 puntos.

A presentación debe incluír só un Diagrama de Gantt (nun A3) especificando as unidades de obra a executar no proxecto e unha reseña dos medios materiais e humanos que o licitador se compromete a utilizar na execución das obras (en máximo 10 follas A4 polas dúas caras, fonte, arial 11.).

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

A.1.2. Memoria descritiva do proceso de execución ata un máx. de 10 puntos.

A memoria descritiva servirá para explicitar as bases en que se fundamenta o programa de traballo. Valorarase o recoñecemento e planificación de actividades de forma que a súa execución resulte o máis eficiente posible.

A memoria deberá conter fichas de dimensionamento dos equipos, a relación das fontes de subministro de materiais na zona obxecto da obra, o estudo dos medios de transporte, a relación das unidades ou partes da obra que realizará mediante subcontratación, a análise das necesidades de almacenamento e de instalacións auxiliares, os desvíos provisionais e reposicións coas súas medidas de sinalización e seguridade previstas, e as zonas previstas para préstamos e vertedoiros.

- Memoria específica adaptada ao obxecto do proxecto, e detallada incluíndo o estudo de afeccións, documentación gráfica sobre a zona de actuación, e observacións en relación ás súas posibilidades técnicas de execución de obra. Se valorará ata un máximo de 10 puntos.
- Memoria específica e adaptada ao obxecto do proxecto que non inclúa algún dos aspectos arriba indicados. Se valorará ata un máximo de 5 puntos.
- Non presenta ou non é adaptada ao obxecto do proxecto. 0 puntos

En este análise tamén se ten en conta a calidade e a adecuación dos medios que a empresa pon a disposición das obras para realizar aquelas unidades de obra consideradas relevantes pola súa singularidade en canto os materiais, complexidade, volume, complexidade técnica, etc

Para proceder a valoración contéplase os apartados que a continuación se detallan:

- a) Descrición das unidades de obra relevantes
- b) Descrición do proceso construtivo
- c) Descrición dos factores externos que poden afectar a execución dos traballos e o cálculo dos prazos e costes
- d) Coñecemento do emprego e características técnicas dos materiais empregados, garantías e certificados
- e) Emprego de maquinaria específica e compromiso de adscrición
- f) Control de calidade da execución
- g) Control de calidade do material, plan de xestión medioambiental e xestión de residuos

Máximo 10 follas A4 de presentación polas dúas caras, fonte, arial 11..

A.1.3. Plan de control de calidade ata un máx. de 10 puntos

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

O contratista propondrá un plan de autocontrol da calidade de obra, onde se indicarán os aspectos concretos de cada unidade de obra a controlar durante a execución dos traballos, a normativa técnica aplicable, os criterios de mostraxe técnica e os criterios de aceptación e rexeitamento.

Valorarase positivamente a idoneidade dos ensaios propostos, que deben cumprir como mínimo os necesarios e a normativa vixente, así como os propostos a maiores dos mínimos necesarios.

Este plan de autocontrol é independente do importe mínimo do 2% do PEM.

A presentación deberá realizarse nunha táboa en formato Excel ou similar na que se inclúan os ensaios considerados. A maiores permitirase unha explicación da idoneidade ou observacións dos ensaios considerados nun máximo de 5 follas A4 polas dúas caras.

- Plan de autocontrol específico, adaptado ao obxecto do contrato incluído un maior número de ensaios con respecto aos mínimos segundo a normativa vixente. Se valorará ata un máximo de 10 puntos.
- Plan de autocontrol específico, adaptado ao obxecto do contrato incluído o número mínimo de ensaios segundo a normativa vixente, Se valorará ata un máximo de 5 puntos.
- Non se presenta plan de autocontrol ou non é adaptado ao obxecto do contrato. 0 puntos.

A.1.4. Plan de Obra e Protocolo ambiental e de seguridade ata un máx. de 10 puntos.

Os licitadores presentarán un programa detallado para garantir a seguridade e a accesibilidade durante o transcurso da obra na contorna da mesma.

Ditas condicións alcanzarán a todo tipo de persoas, debendo preverse expresamente as medidas concretas para garantir a accesibilidade ás persoas que posúan algún tipo de discapacidade.

Tamén expresarán as medidas que adoptarán para a diminución do impacto ambiental da obra, en concreto as destinadas á redución de rúidos.

Respecto do seu contido documental, o programa estará desagregado en partidas de obra e medidas de protección concretas, e conterá unha programación detallada dos traballos para realizar, en función dos medios que se destinen e dos procedementos de construción. Referirase, como mínimo, á orde en que se desenvolven os distintos traballos e os equipos que se destinarán a cada un. Deberá gardar congruencia con o prazo de execución da obra.

O programa implicará medidas organizativas ou de execución, que supoñerán unha

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

maior ou menor eficiencia e adecuación aos obxectivos buscados, pero tamén poderá supoñer gastos cuantificables para a empresa. Cando sexa así e poidan ser desagregados en partidas de obra concretas, estas preferentemente estarán referenciadas ao cadro de prezos do proxecto ou ás contidas no BDC Galicia, última edición, publicado por o Instituto Tecnolóxico de Galicia.

Avaliarase a corrección do plan presentado e o seu impacto, durante o período de duración das obras, na consecución dos obxectivos sinalados, do seguinte modo:

- A.1.1: Melloras na seguridade, tanto para os peóns como para os residentes, durante ou período de duración das obras: 2 pts.
- A.1.2: Melloras no acceso ás vivendas e establecementos comerciais durante o tempo que duren as obras: 2 pts.
- A.1.3: Melloras na mobilidade e tránsito peonil, especialmente, das persoas pertencentes aos grupos de poboación máis necesitados e que teñen dificultades: anciáns, discapacitados, nenos pequenos, etc.: 4 pts.
- A.1.4: Melloras destinadas a un menor impacto ambiental na execución das obras, en concreto as destinadas á redución de ruídos.: 2 pts.

Só se avaliaren aquelas medidas que se propoñan por encima das mínimas legalmente establecidas e que se xustifiquen adecuadamente de tal forma que supoñan un compromiso certo e concreto por parte do licitador, máis aló dunha xenérica declaración de intencións.

A.2) CRITERIOS DE AVALIACIÓN MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS (55 puntos)

A.2.1. Oferta e conómica.....de 0 a 5 puntos.

Valorarase a diminución no presuposto tipo de licitación. Dita valoración efectuarase por regra matemática de proporcionalidade inversa, segundo a seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación} = 5 \times \text{Pmo} / \text{Plic}$$

Sendo Pmo o menor prezo ofertado para a realización do contrato de entre todas as ofertas realizadas polos licitadores. Plic será o prezo ofertado por cada un dos licitadores para a realización do contrato.

A.2.2. Oferta económica en relación coas melloras a ofertar.....de 0 a 30 puntos.

Os licitadores deberán indicar se se compromete a realizar a mellora proposta, indicando unicamente cun “si” ou un “non” o compromiso de realizar as devanditas melloras.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

Proxéctase a CONSTRUCCIÓN DE FONTE SECA CON TOBERAS DE IMPULSIÓN VERTICAL ENRASADOS EN PAVIMENTO DE LOSA DE GRANITO

MELLORA PROPOSTA	SI/NON
INSTALACIÓN ELECTRICIDADE E ALUMEADO	

A.2.3. Ampliación do prazo de garantía sobre o mínimo fixado (2 anos)ata 20 puntos

Ampliación do prazo de garantía sobre o mínimo fixado (2 anos)	Puntos
Nun ano	4
En 2 anos	8
En 3 anos	12
En 4 anos	16
En 5 anos	20

f. Duración

O prazo de execución do contrato será de 7 MESES contado a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación do reformulo definitivo.

O alcalde,
Juan Francisco Ferreira González

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875

